

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA DE SANTA COMBA, INMERSO NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE SAÚDE LOCAL

- A xerente da área sanitaria de Santiago e Barbanza, Eloína Núñez, acudiu hoxe ao concello de Mazaricos onde a xefa de servizo, María Dolores López Fernández, expuxo o plan de accións que inclúe este proxecto.
- A Consellería de Sanidade presentou recentemente 14 destes plans en atención primaria, entre os que están tres da área sanitaria compostelá (Santa Comba, A Estrada e Teo) sendo a área que máis centros incorpora este primeiro ano
- Os programas foron elaborados polos propios profesionais na busca da eficiencia da atención primaria e da mellora da satisfacción dos usuarios e dos profesionais, baseándose nun enfoque participativo e aberto orientado á comunidade.

**Santiago de Compostela, 21 de marzo 2022.-** Os Plans de Saúde Local de tres centros de Saúde da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, presentados recentemente pola Consellería de Sanidade, xa se están desenvolvendo.

Trátase dos servizo de Atención Primaria de Santa Comba, A Estrada e Teo, convertendo á área compostelá na que máis centros incorporan estes plans (14 en toda Galicia). Cada un deles desenvolveu o seu propio programa creado polos profesionais na procura da eficiencia en base á mellora da satisfacción dos usuarios e profesionais, ante os retos asistenciais derivados da situación demográfica e epidemiolóxica actual, facendo fincapé na promoción da saúde, na prevención e na participación comunitaria.

Así o puido comprobar hoxe a xerente da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, que esta mañá acudiu ao concello de Mazaricos pertencente ao servizo de atención primaria de Santa Comba, para presentar as accións dentro do plan de saúde local que expuxo a xefa de servizo María Dolores López Fernández.

O Plan de Accións do Servizo e Atención Primaria de Santa Comba inclúe, como obxectivos, mellorar a satisfacción dos profesionais con liderado, e a comunicación, formación, docencia e investigación; afondar na atención integral do paciente (desenvolvendo programas de xestión da demanda, de atención ao paciente, e optimizando a coordinación de Atención primaria e hospitalaria e a xestión interna). Tamén recolle un mapa de recursos de interese para a saúde en cada un dos eidos locais, liñas de traballo na procura do incremento da satisfacción dos usuarios (traballando a comunicación e a percepción) e das súas necesidades, e potenciar a función comunitaria sobre saúde poboacional.

Destaca o desenvolvemento de programas específicos de promoción da saúde con hábitos de vida saudables, incentivando a práctica deportiva guiando aos cidadáns na liña do exercicio físico con obxectivo da prevención da obesidade.

Entre as liñas de actuación concretas a xefa do servizo, a doutora López, salienta o deseño e planificación de accións destinadas ás intervencións comunitarias a realizar este ano para reducir as patoloxías crónicas máis prevalentes. " Tamén traballamos xa na xestión

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e análise de queixas (motivos, causas e tendencias) e na identificación de accións de mellora a emprender”, engade María Dolores López.

A adecuación da axenda de cada profesional sanitario de acordo cos criterios de calidade establecidos e coas necesidades xerais do propio Servizo de Atención Primaria, así como a difusión dos resultados da análise de saúde poboacional entre os grupos de interese externos relevantes (pacientes, concello, asociacións, centros educativos, centros residenciais) para incrementar o sentimento de propiedade e responsabilidade da cidadanía e avanzar no seu empoderamento, son outras das accións a levar a cabo.

**Saúdos,**